- Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, para modificar, corrixir ou mellorar aqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo ao longo do curso escolar 2023/2024 dende a área de Ciencias Sociais en 2º de educación primaria no CEIP ADR Castelao, un centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona de interior da provincia de A Coruña. O centro ao que nos estamos a referir é un dos dous colexios de educación infantil e primaria (CEIP) que existen no núcleo de Ordes.

O alumnado matriculado no centro procede do núcleo urbano, das zonas rurais do concello, así como do municipio colindante. O galego é a lingua predominante na que foron socializados os nenos e nenas e a que usan con maior asiduidade na súa vida cotiá.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación confórmano un total de 56 alumnos/as: 19 en 2ºA, 19 en 2ºB e 18 en 2ºC. O alumnado deste curso conta con idades comprendidas entre os 6 e 8 anos, momento no que se producen importantes cambios a nivel cognitivo, motriz, afectivo e social, que deberán ser tidos en conta no deseño e desenvolvemento da práctica docente.

Como en calquera grupo humano, existe unha gran variedade de situación persoais, familiares, socioculturais, económicas, variedade de intereses, ritmos, estilos de aprendizaxe ou capacidades, que fan del unha realidade heteroxénea.

Ao longo do curso e seguindo 6 unidades didácticas, traballaranse de forma interdisciplinar e aplicados en contextos reais os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Ciencia e tecnoloxía"; o bloque número 2, "O mundo e o desenvolvemento sostible"; o bloque número 3, "Vivir en sociedade"; e o bloque número 4, "Leccións do pasado".

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Observamos a paisaxe	Esta Unidade Didáctica invita o alumnado a reflexionar sobre as diversas paisaxes que hai ao noso arredor, diferenciar entre os elementos naturais e os construídos polo ser humano, ademais de analizar os cambios que estes sofren tanto polo paso do tempo como cos cambios de estacións ou as diferenzas producidas nos terreos, dependendo de se están situados na costa ou en zonas de interior.	15	18	X		
2	Vivimos nunha localidade	Nesta unidade sinálase que as localidades poden ser de diversos tamaños e isto inflúe notablemente na vida dos seus cidadáns. Neste momento centrámonos nas diferentes estruturas poboacionais, segundo se viva nunha vila ou aldea ou nunha cidade, e como afecta ao modo de	15	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Vivimos nunha localidade	vida dos seus veciños, á súa tranquilidade e mesmo á súa formación e orientación laboral. Traballarase, á súa vez, a importancia de convivir axeitadamente cos nosos veciños e por iso todos debemos respectar e cumprir unha serie de normas de convivencia.	15	18	X		
3	Valoramos todos os traballos	Aproveitando o feito que desde idade temperá todos os alumnos se preguntan que serán de maiores e cal será a súa profesión, nesta Unidade Didáctica incídese en que existen moitos traballos diferentes. Sinalarase que algunhas persoas traballan na natureza e grazas a elas obtéñense alimentos e outros materiais; outras traballan en fábricas transformando eses materiais en produtos elaborados; e outras dedícanse a prestar servizos a outras persoas.	20	18		X	
4	Necesitamos auga e aire	Nesta unidade préstase atención a que a auga e o aire son bens imprescindibles para a supervivencia de todos os seres vivos que habitan o planeta. Por iso, tanto a contaminación do aire como o uso abusivo da auga son dous riscos inasumibles para a saúde ambiental. Así, imos tratar de analizar os factores que inflúen na conservación destas fontes de vida. A partir desta unidade didáctica, o alumnado coñecerá máis a fondo contidos relacionados coas extensións de auga presentes no noso planeta e as súas características, ademais de analizar o aire e os fenómenos atmosféricos que nos afectan e como a intervención humana está a producir un cambio climático cuxas consecuencias xa se ven reflectidas no noso contorno máis próximo, cun aumento de temperaturas e escaseza de auga en determinados momentos nalgunhas zonas do planeta.	20	17		X	
5	Descubrimos o universo	A situación de aprendizaxe invita o alumnado a pensar sobre o que existe máis alá do planeta Terra, observar a imaxe dun astronauta e reflexionar sobre a multitude de preguntas que lles gustaría que fosen contestadas. Desde este abano de preguntas, algunhas cuestións poderían ser: analizar que hai no universo, como é a Terra e como se representa, cales son os seus movementos, que vemos no ceo de noite e que é un sistema solar.	15	17			X
6	Coñecemos a historia	Nesta unidade a situación de aprendizaxe parte da nosa historia persoal e familiar. A	15	17			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Coñecemos a historia	través das vivencias familiares, internarémonos nas formas de vida e tradicións populares e como estas marcan as formas de actuar na actualidade, ademais de explorar os restos do pasado aínda presentes e descubrir personaxes do pasado cuxa influencia persiste hoxe en día.	15	17			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Observamos a paisaxe	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.</li> <li>- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.</li> <li>- Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.</li> <li>- Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.</li> <li>- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Vivimos nunha localidade	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identificar conexións entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Recoñecer institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Usar nocións básicas de medida para ordenar feitos do contorno social e cultural inmediato.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan.</li> <li>- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.</li> <li>- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.</li> <li>- Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.</li> <li>- Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica</li> <li>- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia.</li> <li>- A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.</li> <li>- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.</li> <li>- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna</li> <li>- As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Valoramos todos os traballos	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identificar conexións entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Usar nocións básicas de medida para ordenar feitos do contorno social e cultural inmediato.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Informar sobre formas de vida do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.</li> <li>- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.</li> <li>- Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica</li> <li>- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Necesitamos auga e aire	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Empregar diferentes técnicas de indagación sinxela.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.</li> <li>- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.</li> <li>- Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.</li> <li>- Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica</li> <li>- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- mercadorías.</li> <li>- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Descubrimos o universo	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Empregar diferentes técnicas de indagación sinxela.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.</li> <li>- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.</li> <li>- A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e o universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais.</li> <li>- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Coñecemos a historia	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Empregar diferentes técnicas de indagación sinxela.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identificar conexións entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Usar nocións básicas de medida para ordenar feitos do contorno social e cultural inmediato.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Informar sobre formas de vida do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> </ul>

## Contidos

- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.
- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.
- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna.
- As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Partirase do desenvolvemento cognitivo, evolutivo e emocional do alumnado, dos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, da concreción do seu pensamento, dos seus coñecementos previos, e dos seus intereses; buscando favorecer a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Así mesmo, potenciarase un enfoque globalizador, activo, inclusivo, dinámico, interdisciplinario e por competencias; que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe.

Para seguir este enfoque metodolóxico:

- Favorecerase o traballo cooperativo para a resolución conxunta de tarefas, proxectos ou investigacións; fomentando hábitos de traballo en equipo, colaboración e a resolución pacífica de conflitos.
- Utilizaranse contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado relacione o interese e a utilidade do que aprende co día a día.
- Realizaranse proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, empregando as tecnoloxías e cun enfoque transversal.
- Buscaranse propostas significativas e estratexias que activen ao alumnado, que promovan a motivación, a necesidade de coñecer, de buscar información, de investigar, de resolver problemas, de aprender.
- Fomentarase a curiosidade, a creatividade, a iniciativa, a autonomía, o interese, o respecto por si mesmo/a e polos demais, o espírito de iniciativa, a tenacidade, a confianza en si mesmo/a, o pensamento crítico, a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico.
- Utilizaranse variedade de fontes de información, técnicas, materiais e recursos ; aproveitando os propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos.

A metodoloxía será activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo. Os métodos didácticos que se empreguen serán variados, buscando en todo momento a adecuación ao alumnado e ao contexto, así como a aprendizaxe significativa. Para iso, traballaremos con diferentes técnicas de traballo cooperativo como lapis ao centro, folla xiratoria, ou parada de tres minutos; coa Resposta Física Total para recordar conceptos; con xogos de rol e dramatizacións; e prestaráselle especial atención á gamificación para promover unha aprendizaxe lúdica na aula, empregando tanto recursos tecnolóxicos coma xogos tradicionais e manipulativos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos e dixitais
Recursos espaciais

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), material manipulativo (xogos, plastilina, recursos naturais, recursos reais como folletos informativos, etc.), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS E DIXITAIS:** ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, libros virtuais, enciclopedias online, vídeos educativos, cancións, xogos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot, plickers ou Quizziz para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, a aula de informática, o patio de recreo, o ximnasio ou o comedor, así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno. Reunións co Departamento de Orientación.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
  - Barullo de ideas sobre o universo e o noso planeta.
  - Lectura de libros sobre emocións, relacións persoais, respecto, etc. e posterior debate.
  - Comprensión lectora de imaxes para identificar e describir a paisaxe, as localidades e os seus elementos.
  - Calendario de aula para traballar días da semana, meses, estacións e o tempo atmosférico.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Cráterios de cualificación:

Os instrumentos de avaliación marcados nesta programación son as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo, escalas de observación, diario de aula, portafolio, cuestionarios de autoavaliación, probas de avaliación, entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo na clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Velocidade e comprensión lectora (10%)
- Expresión oral e escrita (20%)
- Participación activa en proxectos e obradoiros realizados (10%)
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude colaboradora e coidado do material (10%)
- Traballo de aula (30%)
- Probas de avaliación (20%)

No caso de non realizarse probas de avaliación, o 20% correspondente ás mesmas engadirase ao 30% de traballo de aula, pasando a ser o total deste un 50%.

A cualificación da avaliación final da materia será a nota da terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### Cráterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non adquira os contidos propios dunha unidade nin os mínimos de consecución dos criterios de avaliación, terá a oportunidade de recuperalo ao longo do curso académico, no momento no que eses criterios aparezan de novo noutra UD. No caso de que non se repita o criterio noutra UD, buscarase unha actividade para avaliar de novo o criterio non superado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación didáctica, atendendo aos principios de normalización e inclusión, e para atender a toda a diversidade e aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe presentes nas aulas de 2º de Educación Primaria, usaranse as medidas ordinarias de atención á diversidade establecidas no Artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Entre estas medidas ordinarias, podemos destacar:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado
- Uso de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e a aprendizaxe por proxectos.
- Adaptación dos tempos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Actividades tipo de reforzo e ampliación en todas as unidades didácticas.

Entre as medidas extraordinarias recollidas no Artigo 9 do documento xa mencionado, o seguinte alumnado recibe

atención por parte do profesorado especialista de PT e AL, ademais de atención por parte do profesorado titor e profesorado de apoio con dispoñibilidade horaria que acude á aula en determinadas horas:

2ºA

- Unha alumna que recibe atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Tres alumnos, dúas nenas e un neno, que reciben atención fora da aula por parte do profesorado de AL.
- Unha alumna á que se lle aplica o Plan específico de reforzo pensado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

2ºB

- Un alumno que recibe atención dentro da aula por parte da profesora de PT.
- Un alumno que recibe atención fóra da aula por parte da profesora de AL.
- Dous alumnos cos que se aplica un Plan específico de reforzo pensado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

2ºC

- Unha alumna recibe atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Catro alumnos, tres nenos e unha nena, reciben atención por parte do profesorado de AL fora da aula.
- Un alumno ao que se lle aplica o Plan específico de reforzo para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Dentro da diversidade que conforman os 56 alumnos e alumnas de 2º, é importante destacar o seguinte alumnado NEAE:

- Un alumno TEA, polo que traballaremos seguindo o establecido no Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Dous alumnos TDAH, co cal se traballará apoiados no Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.

Para favorecer a aprendizaxe destes alumnos e alumnas de forma adecuada e contribuíndo ao seu pleno desenvolvemento, así como á adquisición dos contidos, obxectivos e competencias, ao longo do curso escolar traballarase de forma coordinada co Departamento de Orientación, seguindo o establecido no Plan de Acción Tutorial e no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A orientación educativa, a acción tutorial e a educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visitas a museos, exposicións, etc.	X	X	X
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico e recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuada, así como as regras de xogo e actuar dende os parámetros da deportividade.	TI	100
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para acadar os éxitos.		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.</li><li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.</li><li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.</li><li>- Toma de decisións en situacións motrices diversas:</li><li>- Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.</li><li>- Coordinación de accións en situacións cooperativas.</li><li>- Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li><li>- Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante progresa en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.</li><li>- Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto.</li><li>- Esquema corporal:</li><li>- Conciencia corporal.</li><li>- Coordinación óculo-pédica e óculo-manual.</li><li>- Equilibrio estático e dinámico.</li><li>- Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo.</li><li>- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.</li><li>- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.</li><li>- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.</li><li>- Respecto das regras de xogo.</li><li>- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.</li><li>- Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable.</li><li>- Posibilidades motrices dos espazos de xogo e esparexemento infantil.</li><li>- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.</li><li>- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.</li><li>- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.</li></ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No referido ao aspecto metodolóxico a presente Programación Didáctica, remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo do curso.

As diferentes unidades didácticas, permitirán no seu conxunto, un traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos de etapa están pensadas para a consecución de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara a o perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A nivel global a metodoloxía a empregar intentará ser o máis construtiva posible, para procurar achegarse á realidade dos nenos/as e ás súas diferenzas individuais, tentando que interpreten as ensinanzas e que a través das actividades planificadas superen as súas limitacións.

A metodoloxía terá as seguintes características:

- Activa: fomentando alumnado autónomo é responsable das súas aprendizaxes.
- Participativa: potenciando a cooperación e a colaboración entre iguais.
- Creativa: propoñendo a procura de solucións aos problemas que vaian aparecendo ao longo da aprendizaxe.
- Lúdica: o xogo é un importante recurso metodolóxico.
- Integradora: facilitando poder sentirse capaces coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas, mellorando a autoestima.
- Flexible: adaptándose continuamente aos diferentes niveis de cada alumno/a.
- Indutiva; tentando que o alumno/a poida comprender o que está a facer e cal é o obxectivo.

A metodoloxía, por todo isto, fomenta nos nenos/as a exploración, o descubrimento, a creatividade, e sobre todo a valoración das propias posibilidades; e todo isto, a través do xogo, que promoverá estas características.

Segundo os obxectivos que se pretendan acadar utilizaranse calquera dos métodos seguintes:

- Conducido, que favorece e potencia a máxima intervención do mestre/a utilizando a repetición e a demostración, cun estilo de aprendizaxe de mando directo.
- Semiconducido, no que a intervención do mestre/a é media; é unha aprendizaxe polo descubrimento guiado.
- Non conducido, con mínima intervención do mestre/a; é unha aprendizaxe mediante a busca, cunha grande importancia da creatividade do neno/a. Mediante os métodos semiconducido e non conducido foméntase a iniciativa persoal do neno/a, a súa creatividade, autonomía e desenvolvemento afectivo-social co resto dos compañeiros/as, aprendendo a valorar a importancia do outro/a no proceso de ensino/aprendizaxe.

Tanto o método coma o estilo de aprendizaxe están en función do que se pretende conseguir; polo tanto, primeiro hai que ver o que se pretende e logo utilizar o método máis axeitado para conseguilo.

En relación a estrutura das sesións, dicir que seguiremos o modelo de sesión proposto por Santos Berrocal, o cal divide a sesión en 5 partes:

- 1ª. Fase de información inicial.
- 2ª. Fase de animación ou quecemento
- 3ª. Fase principal ou logro de obxectivos.
- 4ª. Fase de volta á calma.
- 5ª. Fase de análise de resultados, aseo e regreso a aula.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

Poderíamos definir os recursos e materiais didácticos como os instrumentos e medios que subministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensino - aprendizaxe.

Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe. Os materiais xogan un papel esencial ao ser os canalizadores na selección e almacenamento da información.
2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben, de maneira que o abstracto verase transformado en coñecementos máis concretos e accesibles, conseguindo con iso, que os alumnos obteñan unhas aprendizaxes máis específicas e concretos.
3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira, onde o neno non conciba en si mesmo o obxectivo principal que persegue, que é a aprendizaxe, senón que considere toda actividade educativa como unha ampliación máis da súa vida diaria.

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias do ser humano mediante actividades lúdicas.

Hai que ter en conta que o material co que se traballe debe estar acorde ás actividades para realizar (aínda que sexa o máis sinxelo e podemos atopar no noso carón). O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: o medio, a idade, as capacidades, a contorna, entre outras. Todo isto permitirá desenvolver habilidades e destrezas no seu aspecto físico e cognitivo, o importante é a adecuada utilización dos materiais que se elixa para as actividades.

Os recursos e materiais utilizados nas sesións de educación física cumpren distintas finalidades, sendo as máis relevantes as seguintes:

- Son un medio entre a teoría impartida e a práctica deportiva.
- Motivan ao alumnado á hora de realizar as tarefas.
- Favorecer a comunicación e comprensión entre o alumnado.
- Son un elemento auxiliar eficaz.
- Posibilita a autoinstrución.
- Son unha guía para as aprendizaxes.
- Permiten avaliar ao alumnado.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordes ás actividades para realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así se considere.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platexen sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a



información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.

- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

#### QUE AVALIAR?

Ademais dos aspectos específicos de cada unidade, valoraremos aspectos de actitude no alumno/a, como a convivencia, o coidado do material, o respecto das normas de clase, o compañeirismo, a orde e atención na clase, e aspectos relacionados coa saúde e hixiene, considerados moi importantes para a educación e socialización dos nenos e nenas.

Poderíamos distribuír os contidos a avaliar nos seguintes ámbitos: área cognitiva (contidos conceptuais sobre aspectos particulares de cada unidade didáctica); área motriz (habilidades e destrezas motrices, eficiencia motora...) e área afectiva (actitudes, participación, colaboración, esforzo, integración, aceptación de normas...).

#### CANDO AVALIAR?

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevante para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna.

- Circuitos, actividades e xogos nos que se traballen os contidos básicos a desenvolver no curso. Dependendo do mesmo falaremos de comprobar as capacidades perceptivo- motrices (corporalidade, espacialidade e temporalidade), a coordinación e o equilibrio, a lateralidade, as habilidades motrices básicas e específicas, as capacidades físicas, os contidos rítmicos e de expresión corporal.

Tamén na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Ao longo da unidade didáctica realizaremos unha avaliación continua ou formativa por medio da cal comprobaremos se os obxectivos están claros, os contidos son os adecuados, a metodoloxía utilizada é a idónea, as actividades motivantes e suficientes..., xa que no caso contrario realizaríanse os axustes e correccións necesarias.

Ao final de cada unidade didáctica realizaremos unha avaliación final ou sumativa para comprobar o grado de consecución dos obxectivos didácticos por parte do alumno/a. Para iso utilizaremos os criterios de avaliación e os contidos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>14</b>	<b>12</b>	<b>19</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns

aspectos.

Rexistraremos o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- Escalas de valoración.
- Rexistro anecdótico: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- Listas de control: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se realizan ou non.
- Rúbricas: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- Probas cuantitativas: de forma eventual, poderanse aplicar tests, baterías ou escalas que permitan avaliar o estado do alumno respecto a unha norma, compañeiros, ou consigo mesmo.
- De forma eventual poderanse realizar probas teóricas de dominio de contidos conceptuais e tamén se terán en conta os traballos realizados na aula e os traballos de investigación e busca de información individual.

Por último, debemos prestar atención á avaliación criterial entendida como aquela na que o resultado obtido polo alumno/a nunha tarefa compárase con outros resultados conseguidos por el/ela mesmo/a, nas mesmas probas ou respecto a un criterio fixado de antemán. Desta maneira valórase o progreso individual de cada neno/a sen comparalo cos resultados obtidos polos seus compañeiros/as de clase nas mesmas tarefas.

#### ADAPTACIÓNS DA AVALIACIÓN ANTE SITUACIÓNS TEMPORAIS DE INDISPOSICIÓNS.

Ante posibles casos de indisposición temporal (lesións, enfermidades, alerxias,...) de alumn@s nas sesións de Educación Física, no pavillón e/ou no ximnasio ao longo do curso, que lles impidan realizar con normalidade o desenvolvemento das tarefas, e sempre e cando, polo menos inicialmente, non vaia supoñer unha duración excesivamente prolongada, as adaptacións na área consistirán en que os contidos procedementais traballados nas sesións polo resto do grupo-aula pasarán a ser contidos de carácter conceptual para o alumn@ indispost@, polo que estarán presentes nas sesións e realizarán a observación das tarefas da sesión e terán que dar resposta de forma oral ás cuestións que o mestre/a lles vai plantexando.

Nestes casos, a avaliación dos alumn@s afectad@s realizarase de forma alternativa a partir de probas (orais ou escritas) e/ou traballos conceptuais nos que se plasme a consecución dos obxectivos.

#### 1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10 empregando diversos instrumentos de avaliación. Tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

#### 2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE.

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as sesións realizadas de cada unha das Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada unha das UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación de Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2023/2024:

#### 1º TRIMESTRE (3 UD 40%)

- UD. 1: 20%
- UD. 2: 40%
- UD. 3: 40%

#### 2º TRIMESTRE (2 UD 30%)

- UD. 4: 50%
- UD. 5: 50%

#### 3º TRIMESTRE (2 UD 30%)

- UD. 6: 40 %
- UD. 7: 60%

#### 3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA):

A nota da avaliación ordinaria coincidirá coa nota da terceira avaliación xa que debemos considerar en todo momento a avaliación continua no proceso de ensino-aprendizaxe.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Non todo alumnado aprende da mesma forma ni ao mesmo ritmo. Un dos seus principios básicos ter en conta son diferentes ritmos de aprendizaxe, as aptitudes e capacidades individuais así como os seus distintos intereses e motivacións.

As medidas de atención á diversidade poderán ser tanto organizativas como curriculares, e permitirán unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais para unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades. Deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten no alumnado dificultades de aprendizaxe e estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas que presenten.

Irán dirixidas á consecución dos seguintes obxectivos:

- Facilitar ao alumnado o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e a adquisición das competencias básicas e dos obxectivos da área.
- Establecer os mecanismos axeitados de apoio e reforzo precisos, que permitan detectar e superar as dificultades de aprendizaxe que presente o alumnado.
- Coordinar coa titoría e orientación educativa do alumnado para apoiar o seu proceso educativo.

Realizaranse as adaptacións necesarias, articulándose medidas correctoras ou vías alternativas, mediante actividades de reforzo, ampliación, etc., segundo as circunstancias concretas de cada alumno/a.

Esta programación pretende adaptarse ás necesidades individuais por iso deseñouse cun carácter aberto e flexible que permite que unha mesma actividade se realice de diferentes formas segundo as diferenzas individuais de cada neno/a.

**ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).**

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Alguns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, poñeranse en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X			X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X			X	X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial		X	X	X			X
ET.6 - Educación Ambiental				X	X	X	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.		X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Samaín	Faremos unha adaptación de diferentes xogos populares. O material que imos empregar será material de refugallo que adaptaremos a temática a traballar.	X		
O Magosto	Faremos unha adaptación de diferentes xogos populares. O material que imos empregar será material de refugallo que adaptaremos a temática a traballar.	X		
Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.		X	
Día Mundial da Saúde.	Xornada de actividades e xogos no medio natural.			X

### Observacións:

Estas actividades complementarias consistirán fundamentalmente na realización de actividades relacionadas con diferentes conmemoracións que se celebren ao longo do curso, así como a organización de xornadas de experiencia de situacións de xogo entre as diferentes clases do propio centro escolar, en recreos ou durante sesións.

Tamén consideraremos actividades complementarias e extraescolares a implicación das familias á hora de traballar determinados contidos que esixirán a colaboración e a participación destas, tal como ocorrerá co desenvolvemento de contidos de elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, coa recollida de información de xogos populares e tradicionais, etc.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptada ás características do alumnado e as circunstancias que xorden durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,....

Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Outros
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

### Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Adecuación da secuenciación dos criterios de avaliación para cada unha das UD.
- Adecuación do grao mínimo fixado para cada criterio.
- Asignación a cada criterio do peso correspondente na cualificación.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliacion inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Educación Plástica e Visual do 2º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado en Ordes (A Coruña) dentro dunha contorna entre o rural e o urbán, con un alumnado maioritariamente galego falante e diversas estruturas socioeconómicas.

O alumnado para o cal se elaborou esta proposta conformano un total de 56 alumnos/as: 19 en 2ªA, 19 en 2ªB e 18 en 2ªC. O alumnado deste curso conta con idades comprendidas entre os 6 e os 8 anos de idade, momentos nos que se producen importantes cambios a nivel cognitivo, motriz, afectivo e social, os cales serán tidos en conta no desenvolvemento e práctica docente.

Como en calquera grupo humano, existe unha gran variedade de situacións persoais, familiares, socioculturais, económicas, variedade de intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe ou capacidades, que fan del unha realidade heteroxénea.

A proposta que levaremos a cabo nesta materia centra o seu interese na exploración de diferentes gamas cromáticas así como das distintas texturas e diversos materiais e a súa potencialidades para elaborar proxectos. Tamén afondaremos co alumnado no coñecemento de diversos artistas e da súa aportación ó mundo do arte.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As cores e texturas	Esta UD senta as bases da Educación Plástica en para o resto do curso. O obexctivo e voltar sobre o concepto da cor, traballado no curso pasado así como das diferentes texturas e dos resultados que nos permiten acadar.	20	7	X		
2	As formas e materiais	Nesta UD séguese ampliando o traballado na UD esta vez a través das formas e dos distintos materiais que podemos usar nos nosos proxectos, sobre todo aqueles procedentes do reciclaxe.	20	6		X	
3	A contorna	Esta UD pretende crear un vínculo entre a Educación Plástica e aquilo que nos rodea, concepto xa abordado co uso de materiais de reciclaxe nos nosos proxectos e agora ampliado con unha conexión co medio natural e os seus elementos dun xeito máis próximo.	20	5			X
4	Castelao	Na nosa escola conmemóranse os seus 50 anos e rendiremos homenaxe ó artista que lle da nome: Castelao. Ó longo dos tres trimestres proporemos actividades variadas que poñan de relevo as diversas facetas artísticas deste personaxe de maneira que o alumnado poida coñecer algúns aspectos relevantes da súa vida e obra.	40	17	X	X	X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	As cores e texturas	7

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostra interese en coñecer diversas propostas artísticas relacionadas co uso da cor e das texturas.	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as diversas propostas artísticas.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Pon interese en gañar autonomía na realización de diversas obras artísticas e na experimentación coa cor.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa ideas e sentimentos de maneira cada vez máis clara e ordenada.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de xeito activo nas propostas de aula.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Actúa de maneira cooperativa e activa co resto de alumnado nas propostas de aula.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte de xeito cada vez máis claro e ordenado o proceso de elaboración e resultado das producións elaboradas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mostra respecto na creación e realización de actividades.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Pon interese en coñecer diversas manifestacións artísticas e no uso da gama crómica nas mesmas.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe graficamente acorde ós coñecementos propios da súa idade manifestacións culturais próximas traballadas na aula con respecto á cor e ás texturas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mostra unha actitude positiva cara o coñecemento de propostas artísticas e audiovisuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Pon interese en producir de xeito cada vez máis autónomo, aplicando os coñecementos traballados, obras propias (experimentación coa cor e texturas).		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, cada vez de xeito máis claro, ideas e sentimentos.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa activamente nas propostas de aula.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Obra de xeito colaborativo na realización das diversas producións propostas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte, de xeito cada vez máis claro e ordenado, as experiencias creativas propias.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as diversas manifestacións artísticas e os seus procesos de creación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas.</li> <li>- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> </ul>

## Contidos

- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	As formas e materiais	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostra interese en descubrir as particularidades estéticas de diversas obras.	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta a orixe das diversas propostas artísticas.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Pon interese en producir de xeito cada vez máis autónomo diversas obras relacionándoas co uso da cor, texturas, formas e materiais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa de maneira cada vez máis ordenada sentimentos e pensamentos relacionados coa educación plástica.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa activamente no proceso de realización de diversas producións seguindo as directrices indicadas.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colabora cos compañeiros aportando ideas para a realización de propostas diversas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte, de xeito cada vez máis ordenado, o proceso e resultado da realización de obras propias.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto polas normas na realización das diversas propostas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Pon interese en coñecer propostas artísticas variadas en relación cos contidos de aula: cor, textura, formas e materiais.		
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.</li> <li>- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.</li> <li>- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.</li> <li>- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.</li> <li>- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.</li> <li>- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.</li> <li>- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,</li> <li>- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	¿Te interesan las Ciencias?	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	TI	100
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identifica de maneira acompañada o contido e a información máis relevante de textos orais sinxelos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando o sentido global e a información relevante do texto.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura.	Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para analizar o contido do textos escritos proposto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Expón a información recollida sobre os beneficios que obtemos coidando o medio ambiente.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de centro , de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses e como fonte de lecer.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iniciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese e de diversas fontes.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le , de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados de diferentes autores e autoras adecuados aos seus intereses.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca e fai recomendación lectora dalgún libro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de aula.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe textos sinxelos con axuda de autoinstrucións.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstrucións traballadas.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progesa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto.</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.</li> <li>- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.</li> <li>- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.</li> </ul>

## Contidos

- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
8	¿Hablamos?	20

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando o sentido global e a información relevante do texto.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura.	Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para analizar o contido do textos escritos proposto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese e de diversas fontes.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le , de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados de diferentes autores e autoras adecuados aos seus intereses.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca e fai recomendación lectora dalgún libro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de aula.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstrucións traballadas.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresar na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto.</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.</li> <li>- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.</li> </ul>



## Contidos

- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Partirase do desenvolvemento cognitivo, evolutivo e emocional do alumnado, dos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, da concreción do seu pensamento, dos seus coñecementos previos, e dos seus intereses; buscando favorecer a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Así mesmo, potenciarase un enfoque globalizador, activo, inclusivo, dinámico, interdisciplinario e competencial, que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe.

Para seguir este enfoque metodolóxico:

- Favorecerase o traballo cooperativo para a resolución conxunta de tarefas, proxectos ou investigacións; fomentando hábitos de traballo en equipo, colaboración e a resolución pacífica de conflitos.
- Utilizaranse contextos cotiás, familiares e habituais para que o alumnado relacione o interese e a utilidade do que aprende co día a día.

- Realizaranse proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, empregando as tecnoloxías e cun enfoque transversal.
  - Buscaranse propostas significativas e estratexias que activen ao alumnado, que promovan a motivación, a necesidade de coñecer, de buscar información, de investigar, de resolver problemas, de aprender.
  - Fomentarase a curiosidade, a creatividade, a iniciativa, a autonomía, o interese, o respecto por si mesmo/a e polos demais, o espírito de iniciativa, a tenacidade, a confianza en si mesmo/a, o pensamento crítico, a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico.
  - Utilizaranse variadas fontes de información e diferentes técnicas, materiais e recursos. Aproveitaranse os recursos propios da contorna, non só físicos, senón tamén humanos.
- A metodoloxía será activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ó descubrimento activo. Os métodos didácticos empregados serán variados e buscarase en todo momento a adecuación ao alumnado e ao contexto, así como a aprendizaxe significativa. Para iso, traballaremos con diferentes técnicas de traballo cooperativo como lapis ao centro, folla xiratoria, ou parada de tres minutos. Usaremos tamén a Resposta Física Total para recordar conceptos, os xogos de rol e as dramatizacións. Prestaráselle especial atención á gamificación para promover unha aprendizaxe lúdica na aula, empregando tanto recursos tecnolóxicos como xogos tradicionais e manipulativos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cartolina, folios, ceras...
Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos...
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Recursos informáticos: ordenador de aula, encerado dixital interactivo, tabletas...
Libros de biblioteca de aula e de centro
Recursos humanos: profesorado titor, profesorado especialista...

Todos os materiais e recursos serán seleccionados en base aos seguintes criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar el material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como:

- A expresión oral.
- A adquisición de vocabulario.
- A comprensión lectora.

- A expresión escrita.

Para logralo, faremos diferentes actividades, que incluírán xogos (lince lector, memory...), barullo de ideas, lecturas compartidas, escritura de cartas de presentación, asembleas e debates...

Esta información será complementada coa lectura de informes do curso pasado ou as achegas de información por parte do Departamento de Orientación. Recollerase, ademais, información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, intereses, estilos de aprendizaxe...

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente dificultades.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	12	12	13	13	14	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Os instrumentos de avaliación marcados nesta programación son as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo, escalas de observación, diario de aula, portafolio, cuestionarios de autoavaliación, probas de avaliación, entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo na clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3) / 3

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD4 + NOTA UD5 + NOTA UD6) / 3

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD7 + NOTA UD8) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Comprensión lectora (10%).
- Expresión oral e escrita (20%).
- Participación activa en proxectos e obradoiros realizados (10%).
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude colaboradora e coidado do material (10%).
- Traballo de aula (30%).
- Probas de avaliación (20%).

No caso de non realizarse probas de avaliación, o 20% correspondente ás mesmas engadirase ao 30% de traballo de aula, pasando a ser o total deste un 50%.

A cualificación da avaliación final da materia será a cualificación da terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno ou unha alumna non adquira os contidos propios dunha unidade nin os mínimos de consecución dos criterios de avaliación, terá a oportunidade de recuperalo ao longo do curso académico, no momento no que eses criterios aparezan de novo noutra UD. No caso de que non se repita o criterio noutra UD, buscarase unha actividade para avaliar de novo o criterio non superado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación didáctica, atendendo aos principios de normalización e inclusión, e para atender a toda a diversidade e aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe presentes nas aulas de 2º de Educación Primaria, usaranse as medidas ordinarias de atención á diversidade establecidas no Artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Entre estas medidas ordinarias, podemos destacar:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado
- Uso de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e a aprendizaxe por proxectos.
- Adaptación dos tempos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Actividades tipo de reforzo e ampliación en todas as unidades didácticas.

Entre as medidas extraordinarias recollidas no Artigo 9 do documento xa mencionado, o seguinte alumnado recibe atención por parte do profesorado especialista de PT e AL, ademais de atención por parte do profesorado titor e profesorado de apoio con dispoñibilidade horaria que acude á aula en determinadas horas:

2ºA

- Unha alumna que recibe atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Tres alumnos, dúas nenas e un neno, que reciben atención fora da aula por parte do profesorado de AL.
- Unha alumna á que se lle aplica o Plan específico de reforzo pensado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

2ºB

- Un alumno que recibe atención dentro da aula por parte da profesora de PT.
- Un alumno que recibe atención fóra da aula por parte da profesora de AL.
- Dous alumnos cos que se aplica un Plan específico de reforzo pensado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

2ºC

- Unha alumna recibe atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Catro alumnos, tres nenos e unha nena, reciben atención por parte do profesorado de AL fora da aula.
- Un alumno ao que se lle aplica o Plan específico de reforzo para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Dentro da diversidade que conforman os 56 alumnos e alumnas de 2º, é importante destacar o seguinte alumnado NEAE:

- Un alumno TEA, polo que traballaremos seguindo o establecido no Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Dous alumnos TDAH, co cal se traballará apoiados no Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.

Para favorecer a aprendizaxe destes alumnos e alumnas de forma adecuada e contribuíndo ao seu pleno desenvolvemento, así como á adquisición dos contidos, obxectivos e competencias, ao longo do curso escolar traballarase de forma coordinada co Departamento de Orientación, seguindo o establecido no Plan de Acción Tutorial e no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A orientación educativa, a acción tutorial e a educación emocional e en valores.			X		X			

#### Observacións:

O traballo dos elementos transversais estará presente en todas e cada unha das unidades, a través dos contidos, dos materiais seleccionados, do vocabulario utilizado na aula, das normas de convivencia... Posto que estes son indispensables para o desenvolvemento integral do alumnado.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais.	Visita a museos, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna.	Visitas a paisaxes próximas ou lugares salientables da localidade.	X	X	X
Visitas no centro.	Obradoiros, charlas formativas, contacontos...	X	X	X

#### Observacións:

Ao longo do curso académico celebráranse diferentes conmemoracións relacionadas coa unidade didáctica que se estea a impartir (Día Mundial do Medio Ambiente, Día Mundial da Saúde, Semana da Prensa, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, etc).

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Coherencia entre os diferentes elementos do currículo. Secuenciación e temporalización axustada.

<b>Metodoloxía empregada</b>
Uso de diferentes estratexias metodolóxicas segundo as necesidades do momento. Mantemento do interese e motivación do alumnado.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Organización e distribución da aula axeitada. Uso de materiais e recursos variados.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Presenza de diferentes tipos de actividades (reforzo, ampliación, etc.) e medidas de apoio. Cumplimento dos protocolos.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Busca do respecto entre iguais e cara ao persoal docente e non docente. Motivación, cooperación e interese pola aprendizaxe propia e colectiva.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Comunicación constante entre os membros do equipo docente para favorecer a aprendizaxe do alumnado.

#### **Descrición:**

O proceso de ensino e da práctica docente avaliarase a partir dos indicadores de logro especificados anteriormente a través de diferentes instrumentos de avaliación como: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros. Esta avaliación levarase a cabo mínimo ao final de cada trimestre, co obxectivo de solventar os problemas atopados e adaptar a práctica docente da mellor forma posible ás necesidades do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica, e, dunha forma máis específica, ao final de cada trimestre. Empregarase tamén o diario de aula para o seguimento da actividade lectiva.

Os resultados, conclusións e modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

A revisión, avaliación e seguimento da programación atenderá á:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

- O proceso de ensinanza/aprendizaxe: o modo de transmisión da información, as tarefas propostas, a atención ao alumnado NEAE, os resultados acadados polo alumnado, etc.

- Coordinación e análise entre o equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, para modificar, corregir ou mellorar aqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	2º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23



## 1. Introducción

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOMLOE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturales da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son tres craves significativas que quedan reflectidas no noso proxecto, o cal atenderase particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á procura do desenvolvemento do talento de cada un deles. Pola súa banda, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe, o alumnado aprenderá a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permitan adquirir a lingua estranxeira de forma inconsciente e natural. Así mesmo, potenciarase a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable. A fin de lograr este obxectivo, promoverase a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira todas as competencias establecidas no Perfil de Saída ao termo do seu ensino básico, centrándonos, como é lóxico, nas competencias en comunicación lingüística e plurilingüe; facendo especial fincapé na competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia dixital e na competencia emprendedora. Traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC; pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Por outra banda, incorporárase de forma transversal a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto e a cooperación.

Posto que se trata dun proceso de aprendizaxe continuo e para toda a vida, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, ha de ser capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes formulacións en diversos contextos. Mais esta é unha tarefa ardua tendo en conta as características do alumnado deste nivel, pois malia amosar unha actitude axeitada cara a escola e a súa aprendizaxe, mostran unha baixa motivación intrínseca, polo que resulta difícil despertar a súa curiosidade ou captar a súa atención. Na clase adoitan unha actitude máis receptiva que activa, e prefiren o traballo individual ó traballo cooperativo. Carecen das habilidades para o mesmo e descoñecen as súas ventaxas. Disfrutan estando en grupo, pero non para traballar cooperativamente.

Unha porcentaxe considerable de alumnado ten problemas para xestionar e organizar o seu propio traballo. Adoitan ser nenos e nenas pouco motivados pola lectura e amosan dificultades para comprender e expresarse na súa propia lingua, cun vocabulario pobre e estruturas de rexistro coloquial. Pola contra, unha porcentaxe máis pequena do alumnado pode expresarse de forma creativa e amosar certo espírito crítico. Non obstante, son pouco proclives á reflexión metacognitiva e pouco conscientes das ventaxas da mesma.

Polo xeral, gústalles aprender en situacións lúdicas de aprendizaxe e tamén de forma competitiva, pero en moitas ocasións tamén mostran pouca resiliencia, medo ó fracaso e frustración ante o error. Esta resulta ser unha das causas principais polas que predomina a aprendizaxe memorística sobre outras aprendizaxes (intuición, imitación, extrapolación). Non obstante, nalgúns casos, tamén se debe a pouca sistematización de técnicas de estudo básicas. Polo xeral, o alumnado presenta pouca autonomía e iniciativa na xestión do traballo académico, pois non están experimentados nos procesos de planificación, investigación / borrador e creación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	All about me!	<p>Nesta unidade introduciranse breves estruturas que lle permitirán presentarse a el@s mesm@s.</p> <p>Nesta unidade introductoria tamén repararase os membros da familia, os números do 1-30, os días da semana e as estacións.</p>	5	6	X		
2	A garden party	<p>Na primeira unidade, o alumnado aprenderá a expresar as súas habilidades, así como a indagar sobre as do resto (Ex: Can you ...? Yes, I can/ No, I can't). Para isto, traballarase o vocabulario relacionado coas actividades lúdicas propias desta idade.</p> <p>A continuación, realizarase un proxecto no que o alumnado escolle un referente da súa familia e explica as suas habilidades.</p>	15	10	X		
3	Let's play at my house.	Ao longo desta unidade didáctica, o alumnado adquirirá a competencia lingüística para saber indagar a ubicación de persoas, animais ou obxectos utilizando a estrutura "Where's ..? He's/ She's in the ..." e o vocabulario relacionado coas partes da vivenda.	15	10	X		
4	Project: It's Christmas in town	Nestas sesións, desenvolverase un proxecto de carácter social con temática navideña.	5	4	X		
5	Let's go to school	Traballaranse diferentes contidos relacionados coa escola, como pode ser o material escolar ou as actividades as que se xoga no patio. A través deles, o alumnado repasará expresións sobre os seus gustos e describirá o que se atopa en cada estancia do colexio utilizando a estrutura gramática "There is...".	15	10		X	
6	We care for animals	Elaboración en grupos dun poster en formato físico ou dixital sobre os animais da granxa. Durante estas sesións, o alumnado expandirá os contidos gramaticais da unidade previa, aprendendo a utilizar a estrutura "There is" en plural e o verbo "have got" en terceira persoa de singular.	15	10		X	
7	My birthday party	Elaborar un proxecto no que o alumnado expresará o que lle gustaría comer e que actividades lle gustaría facer no seu cumpreanos. Tamén desenvolverán un role play inspirado nunha conversa diaria nun comercio de alimentación.	15	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	I am on Holiday	Programar unha viaxe por grupos por algun país de fala inglesa e facer unha exposición sobre os lugares máis coñecidos que vamos a visitar como museos, monumentos ou entornos naturais. Neste planning tamén organizaremos o noso vestuario para a ocasión, tendo en conta a previsión meteorolóxica.	15	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	All about me!	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Presentarse utilizando estruturas básicas nas que expresan o nome, idade e cor e número favorito (do 1-20).	TI	100
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Presentarse utilizando estruturas básicas nas que expresan o nome, idade e cor e número favorito (do 1-20).		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar, despedirse, desculparse, dar as grazas e pedir permiso para ir o servicio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A garden party	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Expresar por escrito frases curtas e sinxelas con información básica sobre as súas habilidades, así como saber indagar as do resto. Saber presentarse.	PE	40
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras en textos orais e multimodais sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.  Identificar accións básicas de uso cotiá na aula como: match, listen, look, ...		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales como a repetición, ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	TI	60
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utilizar, de forma moi guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e formular e contestar preguntas básicas.		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias básicas coa axuda doutros participantes para identificar aspectos lingüísticos descoñecidos.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada co inglés.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Convencións ortográficas elementais.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	Let's play at my house.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.	TI	100
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples previamente traballados na aula para indagar a localización de persoas ou obxectos.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma moi guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuizos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Project: It's Christmas in town	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Realizar un proxecto seguindo a estrutura proporcionada.	PE	35
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas relacionadas coa temática previamente traballada na aula.	TI	65
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Mostrar interese por descubrir como é o nadal noutros países do mundo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Let's go to school	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras e frases moi breves a partir de modelos simples relacionados co contexto da escola. Utilizar a estrutura 'there is' e expresar gustos.	PE	40
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras en textos orais e multimodais sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.	TI	60
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utilizar de forma moi guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales como a repetición, ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	We care for animals	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utilizar de forma moi guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples previamente traballados na aula relacionados co verbo 'have got' en terceira persoa e o uso de 'there are'.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma moi guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais	TI	100
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar de maneira moi guiada, progresos e dificultades moi elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Convencións ortográficas elementais.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	My birthday party	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples previamente traballados na aula relacionados co verbo 'have got' e gustos.	PE	40
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.	TI	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma moi guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utilizar, de forma moi guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e formular e contestar preguntas básicas		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	I am on Holiday	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples previamente traballados na aula relacionados coa descrición da roupa e os estados das persoas.	PE	40
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras en textos orais e multimodais sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.	TI	60
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	eleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales como a repetición, ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utilizar, de forma moi guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e formular e contestar preguntas básicas		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes..		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais elementais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.
- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Convencións ortográficas elementais.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe do alumnado son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipótesis para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só han de adquirir uns coñecementos, senón que han de ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das Competencias clave.

Estas actividades impulsarán situacións diversas de interacción de comunicación oral entre o alumnado : en parellas, pequenos grupos ou grupo - aula, en situacións reais ou supostas, tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.

Neste ámbito da comunicación oral, introduciremos o xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades xa que nos parece un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir moi brevemente a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias de terceiro de Primaria.

Non obstante, cabe destacar que o alumnado aprende de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles alumnos que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

A aprendizaxe do alumnado é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación, pero sempre orientado a acción. Creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo:TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos... O desenvolvemento destas actividades permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais. Asimesmo, priorizarase a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

Ao longo deste proceso de aprendizaxe utilizaranse materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repaos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

A fin de acadar a competencia lingüística da que vimos falando no noso alumnado, resulta esencial poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte. Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1-Páxinas web de xogos online.
2-Historias e contos publicados na rede.
3-Xogos de mesa.
4-Xogos físicos.
5-Libros de lectura.
6-Posters e murais.
7-Ferramentas de elaboración de materiais.
8-Encerado dixital interactivo -smart board.
9-Use dos medios audiovisuais que conte a escola.
10-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

11-Videos.

12-Rimas e cancións.

13-Actividades DUA.

Neste apartado 4.2. Materiais e recursos, aparece un agrupamento dos diversos materiais e recursos que podemos utilizar no nivel de 2ª .

Citamos algúns exemplos:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>.

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

<https://www.funenglishgames.com/>

Types of games:

-Memory.

-Drag it.

-Teacher (your name) says .

-Match it.

-Guess it.

-What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"Winnie the witch" [https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF\\_Ks](https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF_Ks)

"Pete the cat and the missing cupcakes" <https://www.youtube.com/watch?v=1mbrEhOmow0>

"Not now, Bernard" [https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI\\_2TDOo](https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI_2TDOo)

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

\* adiviñar a tarxeta;

\* memory game;

\* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Trivial.

- Scrabble.

-Crazy Chefs

-Pictionary



-What is the time, Mr Wolf?  
-Spotty dogs.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
- + xogos de rol,
- + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,
- + xogos de localización e movemento no espazo.

5- Na aula temos un gran número de libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía. Os nenos e nenas poderán manipularlos na aula e incluso levarlos o seu fogar. Estes servirán para facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. A continuación, mencionamos algúns dos exemplares que están a dispor do alumnado:

New Girl in School - Christine Lindop  
Lisa's Bag - Carol-Anne Fisher e Horacio Elena  
Family and friends - Beascoa  
New Shoes - Carol-Anne Fisher e M<sup>a</sup> Teresa Ramos

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
- + Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/)
- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

Cancións:

"All together now" Beatles.

"Hello, Goodbye" Beatles.

"Baa ,Baa, Black Sheep"

"Count to one hundred"

Rimas:

"See you later, alligator!"

"Diddle, diddle dumpling my brother John"

"Humpty Dumpty

"Star light, star bright"

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose no grupo de alumnado centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso avaliaranse as interaccións individuais, en parella e gran grupo do alumando, reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa, rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica. Así mesmo, levarase a cabo unha proba escrita con contidos mínimos dos cursos pasados.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	40	0	35	40	0	40	40	<b>26</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	60	100	65	60	100	60	60	<b>74</b>

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación establécense utilizando:

- Procedementos e evidencias : observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e vídeo, representacións teatrais e role-plays, análise do portfolio do alumnado, e outros.

- Instrumentos de avaliación: táboas de indicadores,, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaborados polo alumnado nos que use a lingua escrita. As táboas de indicadores recollerán criterios e graos de consecución acordes coa evidencia que queiramos valorar.

Considerando o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe, en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno e alumna.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior, así como as probas escritas (as cales non serán anunciadas con antelación).

Para construír a cualificación final, teranse en conta as avaliacións previas, a partires delas, elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

### **Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia,o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cada mestra/e decidirá e exporá neste apartado o procedemento a seguir para que o alumnado que non avanza ao ritmo da maioría do grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible .Apoios e reforzos educativos, serían as medidas idóneas a adoptar.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Dacordo coa Orde do 8 de setembro de 2021, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe. Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, wordwall, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

\* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

As adaptacións básicas incluirán: Tempo e ritmo de aprendizaxe, metodoloxía máis personalizada, reforzo das técnicas de aprendizaxe, mellorar procedementos, hábitos e actitudes, aplicación de probas de avaliación adaptadas a este alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X			X			
ET.2 - Os dereitos da infancia.		X					X	
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.					X			X
ET.4 - Consumo responsable			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde							X	
ET.6 - Educación emocional					X	X		

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X		
Visitas al centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores..		X	
Conmemoracións da escola.	Samain, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa Le	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....			X

#### Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.

## Contidos

- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
6	O tempo e outros conceptos matemáticos.	25

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Respecta o traballo en equipo.	TI	100
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprende o sentido xeral das preguntas plantexadas.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Usa recursos manipulativos para resolver problemas matemáticos sinxelos.		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Usa estratexias traballadas na aula para resolver problemas matemáticos plantexados.		
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obtén a solución a un problema usando estratexias traballadas na aula.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Comprende a utilidade das ferramentas tecnolóxicas para resolver problemas matemáticos.		
CA1.8 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece as matemáticas presentes na vida cotiá.		
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica procesos matemáticos sinxelos de maneira guiada acorde á súa idade.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Acepta o rol de grupo asignado nunha tarefa.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obtén as solucións a un problema de maneira guiada aplicando estratexias de aula.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñece conexións entre as matemáticas e experiencias propias.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece as matemáticas presentes na vida cotiá.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquire progresivamente unha linguaxe matemática cada vez máis específica.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Respecta o traballo en equipo.		
CA3.2 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega estratexias traballadas en aula para resolver problemas matemáticos.		
CA3.3 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Identifica patróns matemáticos de maneira guiada.		
CA3.4 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describe rutinas cotiás de xeito guiado nas que está presente o pensamento computacional.		
CA3.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñece conexións entre os diferentes elementos matemáticos usando as experiencias propias.		
CA3.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece as matemáticas presentes na vida cotiá.		
CA3.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquire progresivamente unha linguaxe matemática cada vez máis específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica verbalmente e de xeito guiado procesos matemáticos sinxelos.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Aborda con positividade novos retos matemáticos.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Usa recursos manipulativos para para explicar problemas matemáticos.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Usa estratexias de aula para resolver problemas matemáticos.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obtén a solución a problemas matemáticos empregando estratexias de aula.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Identifica patróns matemáticos de maneira guiada.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describe rutinas cotiás, de maneira guiada, nas que intervén o pensamento computacional.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Comprende a utilidade das ferramentas tecnolóxicas para resolver problemas matemáticos.		
CA4.8 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñece relacións entre as matemáticas e as experiencias propias.		
CA4.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica procesos matemáticos sinxelos de maneira guiada.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Aborda con positividade os novos retos matemáticos plantexados.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprende o sentido xeral das preguntas plantexadas.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega estratexias traballadas na aula para resolver problemas matemáticos plantexados.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obtén a solución a problemas matemáticos plantexados aplicando estratexias de aula.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece as matemáticas presentes na vida cotiá.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquire progresivamente unha linguaxe matemática cada vez máis específica.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica procesos matemáticos sinxelos de maneira guiada.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Aborda con positividade novos retos matemáticos plantexados.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresa actitude positiva cara os sentimentos de frustración propios que poden xurdir ó enfrontarse a novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Respecta o traballo de grupo.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Acepta o rol de grupo asignado nas tarefas grupais.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Identifica patróns matemáticos de xeito guiado.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñece conexións entre elementos matemáticos e experiencias propias.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece as matemáticas presentes na vida cotiá.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica procesos matemáticos sinxelos de maneira guiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos.</li> <li>- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999.</li> <li>- Sentido das operacións</li> </ul>

## Contidos

- Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
  - Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiáns, investigando propiedades e relacións de forma guiada.
  - Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns.
- Educación financeira
  - Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Magnitude
  - Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións habituais.
  - Construción dun modelo de reloxo analóxico con materiais sinxelos como recurso para coñecer a relación entre os seus elementos, así como a representación das medidas temporais presentes.
  - Lectura da hora (en punto, medias e cuartos) en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada.
  - Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na xestión das emocións (tempo de espera, tempo de calma e relax, quendas de intervención), na planificación do traballo escolar e no relato de experiencias persoais (secuencias temporais).
- Medición
  - Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.
- Estimación e relacións
  - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
  - Análise, comparación e descrición de obxectos cotiáns e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (ladós, ángulos e vértices) e as súas propiedades.
  - Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais.
  - Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos.
  - Observación, manipulación e xogo para a identificación de simetrías en figuras xeométricas sinxelas e compleción de figuras simétricas.

## Contidos

- Localización e sistemas de representación
- Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos.
- Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución en equipo de problemas da vida cotián relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.
- Patróns
- Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números e operacións con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e o uso da simboloxía adecuada  $=$  e  $?$ .
- Organización e análise de datos
- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.
- Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.
- Representación de datos da vida cotián (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiáns, imaxes, regras, polícubos, encaixables, pezas de construción, bloques) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.
- Incerteza
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.



## Contidos

- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Partirase do desenvolvemento cognitivo, evolutivo e emocional do alumnado, dos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, da concreción do seu pensamento, dos seus coñecementos previos, e dos seus intereses; buscando favorecer a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Así mesmo, potenciarase un enfoque globalizador, activo, inclusivo, dinámico, interdisciplinario e por competencias; que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe. Para seguir este enfoque metodolóxico:

- Favorecerase o traballo cooperativo para a resolución conxunta de tarefas, proxectos ou investigacións; fomentando hábitos de traballo en equipo, colaboración e a resolución pacífica de conflitos.
  - Utilizaranse contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado relacione o interese e a utilidade do que aprende co día a día.
  - Realizaranse proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e da súa contorna próxima, empregando as tecnoloxías e cun enfoque transversal.
  - Buscaranse propostas significativas e estratexias que activen ao alumnado, que promovan a motivación, a necesidade de coñecer, de buscar información, de investigar, de resolver problemas, de aprender.
  - Fomentarase a curiosidade, a creatividade, a iniciativa, a autonomía, o interese, o respecto por si mesmo/a e polos demais, o espírito de iniciativa, a tenacidade, a confianza en si mesmo/a, o pensamento crítico, a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico.
  - Utilizaranse variedade de fontes de información, técnicas, materiais e recursos ; aproveitando os propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos .
- A metodoloxía será activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo. Os métodos didácticos que se empreguen serán variados, buscando en todo momento a adecuación ao alumnado e ao contexto, así como a aprendizaxe significativa.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), material manipulativo (xogos, plastilina, recursos naturais, recursos reais como folletos informativos, etc.), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS E DIXITAIS:** ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, libros virtuais, enciclopedias

online, vídeos educativos, cancións, xogos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot, plickers ou Quizziz para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, a aula de informática, o patio de recreo, o ximnasio ou o comedor, así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil e 1º de Educación Primaria en canto ó desenvolvemento de cada alumno. Reunións co Departamento de Orientación.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Barullo de ideas sobre os números e as súas relacións, que procedementos coñecemos e cal é o xeito axeitado de executalos...

- Comprensión lectora para a comprensión de problemas que impliquen o cálculo numérico e diversas relacións entre os números, correcta recollida de datos para acadar un determinado obxectivo solicitado...

- Asemblea sobre a importancia do coñecemento dos números e as súas relacións debido ó seu uso na vida cotián.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	20	15	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Os instrumentos de avaliación marcados nesta programación son as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo, escalas de observación, diario de aula, portafolio, cuestionarios de autoavaliación, probas de avaliación, entre outros.

Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo na clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados. Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Velocidade e comprensión lectora (10%)
- Expresión oral e escrita (20%)
- Participación activa en proxectos e obradoiros realizados (10%)
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude colaboradora e coidado do material (10%)
- Traballo de aula (30%)
- Probas de avaliación (20%)

No caso de non realizarse probas de avaliación, o 20% correspondente ás mesmas engadirase ao 30% de traballo de aula, pasando a ser o total deste un 50%.

A cualificación da avaliación final da materia será a nota da terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumno/a non adquira os contidos propios dunha unidade nin os mínimos de consecución dos criterios de avaliación, terá a oportunidade de recuperalo ao longo do curso académico, no momento no que eses criterios aparezan de novo noutra UD. No caso de que non se repita o criterio noutra UD, buscarase unha actividade para avaliar de novo o criterio non superado.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Nesta programación didáctica, atendendo aos principios de normalización e inclusión, e para atender a toda a diversidade e aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe presentes nas aulas de 2º de Educación Primaria, usaranse as medidas ordinarias de atención á diversidade establecidas no Artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Entre estas medidas ordinarias, podemos destacar:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado
- Uso de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e a aprendizaxe por proxectos.
- Adaptación dos tempos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Actividades tipo de reforzo e ampliación en todas as unidades didácticas.

Entre as medidas extraordinarias recollidas no Artigo 9 do documento xa mencionado, o seguinte alumnado recibe atención por parte do profesorado especialista de PT e AL, ademais de atención por parte do profesorado titor e profesorado de apoio con dispoñibilidade horaria que acude á aula en determinadas horas:

2ºA

- Unha alumna que recibe atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Tres alumnos, dúas nenas e un neno, que reciben atención fora da aula por parte do profesorado de AL.
- Unha alumna á que se lle aplica o Plan específico de reforzo pensado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

2ºB

- Unha alumna recibe atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Tres alumnos, dous nenos e unha nena, reciben atención por parte do profesorado de AL fora da aula.
- Dous alumnos aos que se lles aplica o Plan específico de reforzo para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

2ºC

- Unha alumna recibe atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Catro alumnos, tres nenos e unha nena, reciben atención por parte do profesorado de AL fora da aula.
- Un alumno ao que se lle aplica o Plan específico de reforzo para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Dentro da diversidade que conforman os 50 alumnos e alumnas de 1º, é importante destacar o seguinte alumnado NEAE:

- Un alumno TEA, polo que traballaremos seguindo o establecido no Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Dous alumnos TDAH, cos cales se traballará apoiados no Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.

Para favorecer a aprendizaxe destes alumnos e alumnas de forma adecuada e contribuíndo ao seu pleno desenvolvemento, así como á adquisición dos contidos, obxectivos e competencias, ao longo do curso escolar traballarase de forma coordinada co Departamento de Orientación, seguindo o establecido no Plan de Acción Tutorial e no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Por último, destacar que, ao atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, deberase ter en conta esta situación á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.					X	
ET.4 - Desenvolvemento sostible.					X	
ET.5 - Fomento do espírito científico.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital.						X
ET.7 - Fomento da cretividade	X				X	X
ET.8 - Espírito do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

No deseño das actividades teremos en conta os seguintes puntos:

- Igualdade entre homes e mulleres, educación afectivo sexual, evitamento de uso de estereotipos sexistas e rexeitamento por aqueles comportamentos que impliquen discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero.

- Cooperación entre iguais e respecto mutuo.

- Educación para a saúde.

- Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.

- Promoveremos a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como valores que senten as súas bases na liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, respecto polos dereitos humanos e polo Estado de Dereito así como rexeitamento da violencia terrorista e da violencia de calquera outro tipo e consideración polas súas vítimas.

- As actividades propostas estarán enfocadas a afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de estratexias creativas que fomenten a autonomía, iniciativa, traballo en equipo, desenvolvemento do espírito crítico e confianza en un mesmo.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decoración de corredores	Decoraremos os corredores do centro con diversas producións relacionadas de xeito directo ou indirecto con esta materia.	X	X	X
Actividades manipulativas	Levaremos a cabo na aula diversas actividades que poñan énfasis en recrear realidades cotiás nas que se vexan implicados os números e as súas relacións coa fin de que o alumnado aprecie a súa importancia.	X	X	X
Saídas	Levaremos a cabo determinadas saídas ó longo do curso e proveitaremos para vinculalas coas matemáticas	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Pártese dunha avaliación inicial axeitada.
Metodoloxía empregada
Secuenciación e temporalización axustada. Uso de diversas ferramentas metodolóxicas. Uso de diversos procedementos e instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Uso de materiais e recursos variados.
Medidas de atención á diversidade
Mantemento da motivación do alumnado. Atención a alumnado NEAE e das particularidades de todos eles.
Clima de traballo na aula
Presenza de actividades de diversa natureza e medidas de apoio.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Presenza de actividades complementarias e extraescolares que impliquen a todos os axentes educativos.

### Descrición:

O proceso de ensino e da práctica docente avaliarase a partir dos indicadores de logro especificados anteriormente a través de diferentes instrumentos de avaliación como: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros. Esta avaliación levarase a cabo mínimo ao final de cada trimestre, co obxectivo de solventar os problemas atopados e adaptar a práctica docente da mellor forma posible ás necesidades do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica, e, dunha forma máis específica, ao final de cada trimestre. Empregarase tamén o diario de clase para o seguimento da actividade lectiva.

Os resultados, conclusións e modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

A revisión, avaliación e seguimento da programación atenderá á:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

- O Proceso de ensinanza/aprendizaxe: o modo de transmisión da información, as tarefas plantexadas, a atención ao alumnado NEAE, os resultados acadados polo alumnado, etc.

- Coordinación e análise entre o equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, para modificar, correxir ou mellorar aqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20



## 1. Introducción

Durante o curso 2023-24 recibirán clase de Música e Danza 55 alumnos e alumnas de 2º nivel de Educación Primaria. A programación de aula concreta os obxectivos, contidos e criterios de avaliación enmarcados no Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

A materia de Música e Danza na Educación Primaria preséntase en catro bloques de contidos que se traballan de xeito globalizado nas actividades a realizar nas sesións semanais:.

- Educación musical :percepción e análise
- Educación musical: creación e interpretación
- Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise.
- Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.

No centro conflúen alumnos procedentes do núcleo urbano da vila de Ordes e alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello. Tamén contamos cun importante número de alumnos e alumnas inmigrantes: marroquís, venezolanos, brasileiros e colombianos principalmente. Farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ao alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Ao mesmo tempo, co comezo deste nivel comeza o 2º ciclo, que procura que o alumnado deste centro mellore na súa autonomía ao longo deste, especialmente nas súas producións artísticas. Así pois, búscase tamén que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no 1º ciclo anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

O feito de ter unha soa sesión semanal de música implica que realice a programación anual de aula de xeito trimestral. Son moitas as ocasións en que o horario e as actividades programadas semanalmente vense alteradas ou modificadas por mor doutras actividades que realizan no centro os diferentes grupos: saídas didácticas, encontros con autores na biblioteca, asistencia a concertos musicais, conmemoracións, celebracións escolares...

Ao longo do curso deseñaranse diferentes actividades de aprendizaxe segundo os contidos a traballar en cada trimestre, adaptándoas, sempre que sexa posible, ás actividades propostas para cada nivel nas diferentes titorías e na programación xeral do centro, prestando especial atención a todas as propostas chegadas dende os equipos de Biblioteca, EDNL e EACE.

Os aspectos comentados nos parágrafos anteriores implican que a programación de aula será dinámica e versátil realizando as modificacións necesarias en función das necesidades do alumnado e a planificación do Centro.

O blog da aula de música Zumzum continuará coa súa labor informativa e dinamizadora das diversas actividades de aprendizaxe e co blog Caixa de xogos seguiremos traballando contidos específicos da materia.

No centro imparte clase de música en Educación Infantil outro profesor que comparte co alumnado de primaria materiais e aula.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O outono	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 1º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e o coidado do material, e, polo outro, desenvolver a recepción activa e a vivencia dos elementos básicos da música e da danza a través das festas do outono como fio condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do	15	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O outono	Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	15	7	X		
2	O inverno	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través das conmemoracións do inverno como fío condutor. O Día da Paz, a Candeloria, o día de Rosalía, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	21	6		X	
3	A primavera	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados. Nesta unidade o fío condutor será a primavera. Os Maíos, As Letras Galegas e o fin de curso serán festas a ter en conta.	24	6			X
4	Músicas e danzas do mundo	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	40	16	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O outono	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Realiza ditados (6 pulsos e grafía non convencional) de negra e silencio; outros de son rápido e curto; outros de son forte e piano; outros de son agudo e grave e outros de pulso con e sen acento.	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre fragmentos e obras representativas da historia da música clásica: dende a Idade Media até a actualidade.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto e cumpre as normas elementais de comportamento na recepción de propostas artísticas e musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con grafías non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e cumpre as normas elementais de comportamento na realización de actividades musicais.	TI	80
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Participa activamente nas propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifesta respecto e cumpre coas normas elementais de comportamento na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Imita, en espello, movementos corporais e propón estes e outros para seren imitados pola clase. Coa música do Carnaval dos animais de Saint-Säens imita corporalmente o correspondente animal terrestre.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e cumpre coas normas elementais de comportamento na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa.

## Contidos

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Realiza as actividades nos prazos establecidos.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Usa o aprendido en aula para levar a cabo as propostas.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Usa axeitadamente os recursos mencionados en aula.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Solventa, de maneira guiada, diversas incidencias que poidan xurdir na execución das propostas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Aprecia a importancia do proxecto levado a cabo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Claqueta	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Expón, coa maior orde posible, o proxecto elaborado.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Usa unha linguaxe oral axeitada á súa idade e coñecementos.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Utiliza a linguaxe non verbal para acompañar o discurso do xeito máis axeitado posible tendo en conta a súa idade e os seus coñecementos.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega algún recurso visual para apoiar a exposición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Partirase do desenvolvemento cognitivo, evolutivo e emocional do alumnado, dos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, da concreción do seu pensamento, dos seus coñecementos previos, e dos seus intereses; buscando favorecer a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Así mesmo, potenciarase un enfoque globalizador, activo, inclusivo, dinámico, interdisciplinario e por competencias; que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe. Para seguir este enfoque metodolóxico:

- Favorecerase o traballo cooperativo para a resolución conxunta de tarefas, proxectos ou investigacións; fomentando hábitos de traballo en equipo, colaboración e a resolución pacífica de conflitos.
  - Utilizaranse contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado relacione o interese e a utilidade do que aprende co día a día.
  - Realizaranse proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e da súa contorna próxima, empregando as tecnoloxías e cun enfoque transversal.
  - Buscaranse propostas significativas e estratexias que activen ao alumnado, que promovan a motivación, a necesidade de coñecer, de buscar información, de investigar, de resolver problemas, de aprender.
  - Fomentarase a curiosidade, a creatividade, a iniciativa, a autonomía, o interese, o respecto por si mesmo/a e polos demais, o espírito de iniciativa, a tenacidade, a confianza en si mesmo/a, o pensamento crítico, a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico.
  - Utilizaranse variedade de fontes de información, técnicas, materiais e recursos ; aproveitando os propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos .
- A metodoloxía será activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo. Os métodos didácticos que se empreguen serán variados, buscando en todo momento a adecuación ao alumnado e ao contexto, así como a aprendizaxe significativa.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), material manipulativo (xogos, plastilina, recursos naturais, recursos reais como folletos informativos, etc.), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS E DIXITAIS:** ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, libros virtuais, enciclopedias online, vídeos educativos, cancións, xogos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot, plickers ou Quizziz para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, a aula de informática, o patio de recreo, o ximnasio ou o comedor, así como os diversos espazos da contorna.



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil e 1º de Educación Primaria en canto o desenvolvemento de cada alumno. Reunións co Departamento de Orientación.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
  - Barullo de ideas sobre os medios de comunicación, coñecemento sobre a elaboración de noticias e entrevistas....
  - Comprensión lectora de imaxes e vídeos para identificar distintas mencións de comunicar.
  - Asemblea sobre a importancia da veracidade da información e o xeito máis axeitado de describila.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

**Criterios de cualificación:**

Os instrumentos de avaliación marcados nesta programación son as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo, escalas de observación, diario de aula, portafolio, cuestionarios de autoavaliación, probas de avaliación, entre outros.

Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo na clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados. Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD1

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= NOTA UD2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD3

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Velocidade e comprensión lectora (10%)
- Expresión oral e escrita (20%)
- Participación activa en proxectos e obradoiros realizados (10%)
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude colaboradora e coidado do material (10%)
- Traballo de aula (30%)
- Probas de avaliación (20%)

No caso de non realizarse probas de avaliación, o 20% correspondente ás mesmas engadirase ao 30% de traballo de aula, pasando a ser o total deste un 50%.

A cualificación da avaliación final da materia será a nota da terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non adquira os contidos propios dunha unidade nin os mínimos de consecución dos criterios de avaliación, terá a oportunidade de recuperalo ao longo do curso académico, no momento no que eses criterios aparezan de novo noutra UD. No caso de que non se repita o criterio noutra UD, buscarase unha actividade para avaliar de novo o criterio non superado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación didáctica, atendendo aos principios de normalización e inclusión, e para atender a toda a diversidade e aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe presentes nas aulas de 2º de Educación Primaria, usaranse as medidas ordinarias de atención á diversidade establecidas no Artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Entre estas medidas ordinarias, podemos destacar:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado
- Uso de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e a aprendizaxe por proxectos.
- Adaptación dos tempos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Actividades tipo de reforzo e ampliación en todas as unidades didácticas.

Entre as medidas extraordinarias recollidas no Artigo 9 do documento xa mencionado, o seguinte alumnado recibe atención por parte do profesorado especialista de PT e AL, ademais de atención por parte do profesorado titor e profesorado de apoio con dispoñibilidade horaria que acude á aula en determinadas horas:

2ªA

- Unha alumna que recibe atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Unha alumna que recibe atención fora da aula por parte do profesorado de AL.
- Unha alumna á que se lle aplica o Plan específico de reforzo pensado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

2ªB

- Un alumno que recibe atención fóra da aula por parte da profesora de AL.
- Un alumno co que se aplica un Plan específico de reforzo pensado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

2ªC

- Unha alumna recibe atención fóra da aula por parte do profesorado de PT e AL.
- Un alumno que recibe atención fóra da aula por parte da profesora de AL.
- Un alumno ao que se lle aplica o Plan específico de reforzo para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Para favorecer a aprendizaxe destes alumnos e alumnas de forma adecuada e contribuindo ao seu pleno desenvolvemento, así como á adquisición dos contidos, obxectivos e competencias, ao longo do curso escolar traballarase de forma coordinada co Departamento de Orientación, seguindo o establecido no Plan de Acción Titorial e no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X
ET.4 - Competencia dixital			X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito crítico e científico.	X		X

### Observacións:

No deseño das actividades teremos en conta os seguintes puntos:

- Igualdade entre homes e mulleres, educación afectivo sexual, evitamento de uso de estereotipos sexistas e rexeitamento por aqueles comportamentos que impliquen discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Cooperación entre iguais e respecto mutuo.
- Educación para a saúde.
- Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.
- Promoveremos a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como valores que senten as súas bases na liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, respecto polos dereitos humanos e polo Estado de Dereito así como rexeitamento da violencia terrorista e da violencia de calquera outro tipo e consideración polas súas vítimas.

- As actividades propostas estarán enfocadas a afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de estratexias creativas que fomenten a autonomía, iniciativa, traballo en equipo, desenvolvemento do espírito crítico e confianza en un mesmo.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
"Criaturas"	Saída o 6 de outubro a Santiago de Compostela para visualizar unha serie de curtometraxes infantís baixo o nome de "criaturas"	X		
Día Intenacional da Curtometraxe.	O 21 de decembro celébrase o "Día Internacional da Curtometraxe" e aprobeitaremos para ollar algún novo filme relacionado con esta temática como xa fixemos no mes de outubro.	X		
Participación na semana da prensa	Realización de entrevistas a persoal e alumnado do centro para a súa posterior difusión		X	
Visita dun personaxe relacionado profesionalmente coa contorna audiovisual	Encontro con algún personaxe relacionado co mundo audiovisual para que poida compartir co alumnado as súas experiencias e intereses			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Pártese dunha avaliación inicial axeitada.

Metodoloxía empregada
Coherecia entre os diferentes elementos curriculares.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Secuenciación e temporalización axeitada.
Medidas de atención á diversidade
Uso de diferentes estratexias metodolóxicas. Atención á diversidade de aula.
Clima de traballo na aula
Mantemento dos intereses e motivación do alumnado. Presencia de actividades variadas e actividades de apoio.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Presencia de actividades complementarias e extraescolares que impliquen a todos os axentes educativos

### Descrición:

O proceso de ensino e da práctica docente avaliarase a partir dos indicadores de logro especificados anteriormente a través de diferentes instrumentos de avaliación como: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros. Esta avaliación levarase a cabo mínimo ao final de cada trimestre, co obxectivo de solventar os problemas atopados e adaptar a práctica docente da mellor forma posible ás necesidades do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica, e, dunha forma máis específica, ao final de cada trimestre. Empregarase tamén o diario de clase para o seguimento da actividade lectiva.

Os resultados, conclusións e modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

A revisión, avaliación e seguimento da programación atenderá á:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O Proceso de ensinanza/aprendizaxe: o modo de transmisión da información, as tarefas plantexadas, a atención ao alumnado NEAE, os resultados acadados polo alumnado, etc.
- Coordinación e análise entre o equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, para modificar, correxir ou mellorar aqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

## 1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 1º de E.Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a

promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes exponse cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanza de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

E no Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo. Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

CEIP A.D.R. Castelao de Ordes

#### CONTEXTUALIZACIÓN

Situación xeográfica e social do concello no que se ubica o centro:

Dende o punto de vista xeográfico, o centro educativo no que se encadra esta programación localízase nunha zona do interior da provincia de A Coruña. O concello está integrado nunha ampla comarca formada por un considerable número de municipios caracterizados topograficamente polo predomínio das planicies e pequenas elevacións, sucadas por numerosos cursos fluviais.

Nel predominou tradicionalmente a agricultura e a gandeiría, actividades que contaron cun peso considerable nos ingresos do municipio ata a década recente nas que a actividade agraria deu paso a un considerable despegue do



sector servizos. En relación con isto, o nivel socio-económico da poboación é medio, nalgúns casos medio-baixo.

O centro e as súas características, ubicación

O centro ao que nos estamos a referir é un dos dous colexios de educación infantil e primaria (CEIP) que existen no núcleo de ordes. A poboación é atravesada pola estrada 490 ao longo da cal flúen as edificacións. Entre os servizos dos que dispón o núcleo urbano, atópase o centro médico, polideportivo, unha piscina cuberta, un centro sociocultural dotado de biblioteca pública... Ademais, existen numerosos locais comerciais que fan de Ordes un núcleo mercantil de referencia na comarca.

Traxectoria educativa

Na actualidade, este é un colexio de educación infantil e primaria de titularidade pública que escolariza ao redor de 490 alumnos e alumnas de ámbalas dúas etapas. Está composto por 24 unidades de dúas e tres liñas: 6 en Educación Infantil para os tres niveis educativos do segundo ciclo desta etapa, e 18 unidades de Educación Primaria.

Instalacións do colexio

O espazo que acolle o centro ao que nos estamos a referir consta de 3 edificios: dous deles albergan ao alumnado de educación Infantil e o edificio principal aloxa ao alumnado de educación Primaria, a

Biblioteca, o comedor, as aulas das especialidades de música e inglés, así como a sala de mestres, a conserxería e dirección.

O centro conta cun pavillón polideportivo e un ximnasio, pero non con patio cuberto polo que os días de choiva o alumnado debe permanecer nas aulas durante o recreo.

O patio consta de tres zonas: unha para o alumnado de educación infantil, outra parte dianteira para o alumnado do primeiro ciclo de EP e a parte traseira abarca o patio do 2º e 3º ciclo de EP.

A Xornada escolar

O colexio ten establecida a xornada única dende as 9:00 ata as 14:00.

O ALUMNADO

Características do alumnado do centro

Procedencia

O alumnado escolarizado no centro procede do núcleo urbán, das zonas rurais do concello e do municipio colindante polo que é necesario o uso do transporte escolar.

Nivel de ocupación profesional das familias

Parte da poboación dedícase ao sector primario e á industria téxtil. Na industria tamén destaca a construción. O sector terciario concéntrase na capital do concello e destacan empresas de comercio ao por maior.

Situación sociolingüística

O galego é a lingua predominante na que foron socializados os nenos e nenas e a que usan con maior asiduidade na vida cotiá. O número de alumnos e alumnas que elixen a opción de relixión católica oscila entre o 40 e o 50 por cento, se ben nos últimos anos nótase certa tendencia a baixar, en consonancia coa realidade sociolóxica xeral.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Novo curso, novos descubrimentos!	Coido a miña casa (son feliz coa miña familia) e a casa común (coido e melloro a natureza e a todos os seres vivos que me rodean )	14	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Novo curso, novos descubrimentos!	<p>Relato: A Creación. Lectura no patio para admirar a beleza que nos rodea</p> <p>Álbum de Personaxes: Adán e Eva</p> <p>Coido as persoas e melloro o mundo.</p> <p>Plantamos un bulbo no xardín da escola que coidaremos todas as semanas, e traballamos as emocións dos demais e as nosas propias, en asemblea.</p>	14	5	X		
2	Cantos amigos de Deus atopo na Biblia!	<p>Deus quérenos seus amigos. Cantos personaxes na Biblia, que son amigos de Deus, e porque.</p> <p>Como se comunicou Deus cos seus amigos: Relatos de Moisés, Samuel e Elías (álbum de personaxes)</p> <p>Onde atopamos historias de Deus e os seus amigos: a Biblia, como libro sagrado para os cristiáns na Igrexa. Traballamos coa tablet, por grupos.</p> <p>A Biblia como fonte de inspiración artística: ¿El profeta Elías y el ángel¿. Óleo sobre lenzo. 1668. Pintamos entre todos o noso propio cadro.</p> <p>Traballamos o autoconcepto e responsabilidade de cada un de nós cara os demais</p>	16	6	X		
3	Un grande agasallo: Xesús!	<p>O CALENDARIO LITÚRXICO. Tempo de Advento e Nadal. Elaboramos unha coroa de Advento na aula</p> <p>A impotancia do Si de María á mensaxe de Deus!</p> <p>Aniversario de Xesús, nosa identidade como cultura. Significado para os cristiáns. Aprender a saber esperar.</p> <p>Relato de Nadal.</p> <p>Álbum de Personaxes: Sagrada Familia, Anxo e Pastores.</p> <p>O tempo de Nadal como fonte de inspiración artística: elaboración de manualidades propias destas datas como un mural colaborativo na aula dunha árbore de Nadal con bos desexos, e tarxeta de felicitación ás familias</p> <p>Valoramos como con Xesús ninguén se sinte excluído no marco do Nacemento</p>	15	5	X		
4	Amor con V en maiúscula!	<p>Introcución aos sacramentos: O bautismo de Xesús.</p> <p>Mandamento do Amor. O grande agasallo que nos fai o noso Pai, Deus, co seu Fillo: Xesús e o seu mandamento</p> <p>Descubrimos con que palabras Xesús nos transmitiu o seu Amor e construímos entre todos un grande quebracabezas con forma de corazón que enchemos con palabras de accións que transmitan ledicia e mimen o noso corazón</p>	14	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Amor con V en maiúscula!	<p>Álbum de Personaxes: Os tres Magos de Oriente</p> <p>Relato Bíblico e interpretación na aula: O bo samaritano</p> <p>A responsabilidade de todos para con todos</p>	14	5		X	
5	Desde a madeira da túa Cruz!	<p>O CALENDARIO LITÚRXICO. Tempo de Coresma, Semana Santa e Pascua.</p> <p>A cruz, a entrega mais grande de Amor , de gratuidade. A gratitude polas boas accións dos demais.</p> <p>Aprendemos a escoitar e a escoitarnos (o noso interior), facemos un pequeno retiro cara o noso interior guiados pola mestra/e, sentíndonos ao pé da Cruz de Xesús.</p> <p>Álbum de Personaxes: Xesús. O Perdón e a súa importancia nas nosas vidas.</p> <p>A paixón de Xesús repasámola cun xogo de Kahoot.</p> <p>Relatos bíblicos de perdón, coma por exemplo ¿o fillo pródigo?. Interpretamos na aula os distintos papeis dos personaxes.</p> <p>Traballamos a resolución pacífica de conflitos, con exemplos, como facía Xesús coas parábolas.</p> <p>Manualidade de Semana Santa ou/e de Pascua.</p> <p>Significado dos ovos de Pascua</p>	15	5		X	
6	Contigo, que grande equipo!	<p>Personaxes bíblicos que promoven a vida en comunidade: Os apóstolos.</p> <p>A igrexa. Grupo de pertenza con Xesús.</p> <p>Compartimos xuntos tempo de calidade, celebrando a lectura dun relato bíblico de xeito especial: relacionado cos comezos dos apóstolos ou da Igrexa.</p> <p>Taboleiro co scornabot e xoutros xogos, por equipos.</p> <p>Álbum de Personaxes: Os 12 apóstolos de Xesús</p> <p>Atención especial aos que mais sofren</p>	14	5			X
7	Celebramos xuntos!	<p>Os templos e as festas mais importantes da nosa contorna. Unha forma de comunicación e transmisión de cultura.</p> <p>Manifestacións tradicionais e culturais da zona: advocacións á Maria, patrón/patroa...</p> <p>Celebramos o inicio da pronta chegada do tempo de vacacións xuntos celebrando coa lectura dun relato bíblico de xeito especial: sobre como vivían os primeiros cristiáns.</p> <p>Lectura no patio para admirar a beleza que nos rodea, se procede.</p> <p>Corto: o valor de compartir.</p> <p>Álbum de Personaxes: Os pais de Xesús María e Xosé; e os seus avós: Xoaquín e Ana, os pais de María</p> <p>Repaso de fin de curso ao tempo que</p>	12	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Celebramos xuntos!	preparamos a nosa carpeta de traballos, se temos.	12	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Novo curso, novos descubrimentos!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús	TI	100
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de respecto e coidado dos seus compañeiros/as de clase en diversas situacións É autónomo e, ademais está pendente de coidar e de colabora cos demais, se é preciso Respecta o coidado e limpeza no patio durante o recreo e nos momentos de entrada e saída do centro educativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.</li> <li>- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Cantos amigos de Deus atopo na Biblia!	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a amizade.	TI	100
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrinto o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Trata a Biblia como libro sagrado que é con respecto e cariño Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.</li> <li>- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.</li> <li>- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Un grande agasallo: Xesús!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para vivir e ser feliz, na súa familia, no colexio cos compañeiros/as	TI	100
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica os signos do Advento como tempo de espera Identifica costumes e tradicións na súa familia, no Nadal Recoñece a Xesús coma o agasallo mais importante do Nadal Valora que a importancia do Nadal non son os agasallos senon compartir tempo cos seres queridos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Amor con V en maiúscula!	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para vivir e ser feliz, na súa familia, no colexio cos compañeiros/as	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Está pendente do novo alumnado e do que se queda só para traballos de grupo Defende os mais desfavorecidos nos grupos e denuncia as situacións que considera inxustas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Desde a madeira da túa Cruz!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Entende que o paido fillo pródigo perdoa sempre ao seu fillo Interven nos conflitos, mediando as situacións de xeito pacífico	TI	100
